

## **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS DE 4 DE OUTUBRO DE 2012**

Na Casa Consistorial do Concello do Barco de Valdeorras, sendo as 19:03 horas do 4 de outubro de 2012, baixo a Presidencia do alcalde-presidente Don Alfredo Laudelino García Rodríguez, reúnense no salón de sesións a Corporación Municipal do Concello do Barco de Valdeorras, aos efectos de realizar a sesión ordinaria convocada para o día da data, os seguintes señores/as:

D. Eduardo Ojea Arias  
D. Miguel Neira Ojea  
D<sup>a</sup> Natalia Álvarez Diéguez  
D<sup>a</sup> María Mercedes Ana Moldes Ares  
D. Luis Victorino Arias Fernández  
D. Aurentino Alonso Araújo  
D. Julio Fernández Arias  
D<sup>a</sup> María Irene Dacal Feijoo  
D. Moisés Blanco Paradelo  
D. Arsenio Moldes Gómez  
D. Carlos Javier Crespo Díaz  
D<sup>a</sup> Nieves Rodríguez Voces  
D<sup>a</sup> María Estela Delgado Fernández  
D. Antonio Melo García  
D<sup>a</sup> Manuela Rodríguez Vázquez  
D. Vítor Manuel Sierra Nieves

Interveu como secretario D. Jesús Tallón García. Concorre o interventor D. José Manuel Muñoz Domínguez.

Declarado aberto o acto polo Sr. alcalde-presidente, procédese ao estudo dos asuntos incluídos na orde do día.

### **1º Actas do Pleno das sesións celebradas os días 6 e 25 de setembro de 2012.**

Pregunta o Sr. Alcalde si hai algunha observación que facer as actas das sesións celebradas polo Pleno os días 6 e 25 de setembro de 2012 e non formulándose ningunha, as devanditas actas resultan aprobadas por unanimidade dos dezasete membros do Pleno.

**2º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de patrimonio, facenda, contas e promoción económica, sobre a aprobación do expediente de crédito extraordinario 04/2012.**

O Alcalde fai uso da palabra para dicir que, como xa se informou na Comisión de Facenda do pasado 1 de outubro, trátase dun expediente para habilitar crédito extraordinario a nivel administrativo, que non se vai a pedir ningún crédito, pois o diñeiro xa está en posesión do Concello, ó executar o aval que había sobre a praza que hai entre a igrexa de San Mauro e a rúa Alvaro Cunqueiro, e agora ten que estar habilitado como crédito para proseguir os trámites, pois ten que haber unha partida presupostaria específica para esa obra, modificando ademais o anexo de inversións para que figure que este ano existe esa obra.

De seguido pola Alcaldía dáse conta do ditame da comisión informativa.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Moisés Blanco Paradelo, que tras dar as boas tardes di que o seu Grupo votou a favor na comisión informativa, estando a favor do acordo, pois desde fai case tres anos veñen presentando distintas mocións sobre o asunto. Di que con este paso que se dá avanza o tema, aínda que pensa que chega tarde, pero que van a votar afirmativamente para que esa praza sexa unha realidade e deixe de ser un foco de infeccións.

Di o Sr. Alcalde ó no informe do arquitecto pode ver que aínda hoxe hai problemas, de feito pide para determinadas cuestións un informe xurídico, antes do comezo da obra, polo tanto as cousas seguen tendo dificultades por estar no xulgado o tema.

Rematado o debate a Corporación, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus dezasete membros o Pleno acorda:

**1º.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación do Orzamento Xeral do Concello para 2012, prorrogado ata a aprobación definitiva do Orzamento da Corporación para 2012, mediante crédito extraordinario nº 04/2012, financiado con novos ingresos, por un importe global de 72.000,00 € co seguinte detalle:**

**Concepto de ingresos que recolle os dereitos recoñecidos e recadados:**

**2010-399.08 “Outros ingresos diversos; execución de garantías”**

**Partidas que se crean mediante o crédito extraordinario proposto:**

<u>Partida</u>	<u>Descrición</u>	<u>Proxecto</u>	<u>Importe</u>
155-63252	Urbanización da Praza de Álvaro Cunqueiro(execución subsidiaria)	2012-42	72.000,00 €

**2º.- Aprobar inicialmente a modificación do anexo de investimentos do Orzamento Xeral do Concello para 2012, por introdución do seguinte:**

**2012-42 “Urbanización da Praza de Álvaro Cunqueiro (execución subsidiaria)”**

**3º.- De conformidade co establecido no artigo 169 do Real Decredo Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, proceder á exposición dos presentes acordos e expediente ao público, previo anuncio no boletín Oficial da Provincia de Ourense e no taboleiro de edictos do Concello, por 15 días hábiles, durante os cales os interesados segundo o artigo 170.1 da devantada norma poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno polos motivos indicados no artigo 170.2 da mesma.**

**4º.- Os expedientes (crédito extraordinario 04/2012 e modificación do anexo de investimentos do Orzamento Xeral para 2012) entenderase definitivamente aprobado no caso de que durante o referido período de exposición pública non se presenten reclamacións.**

**3º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de patrimonio, facenda, contas e promoción económica sobre a aprobación do expediente de suplemento de crédito 02/2012.**

Polo alcalde dáse conta do ditame da comisión informativa de 1 de outubro de 2012 e logo diso prosegue dicindo que neste mes de outubro fíxose un estudo de como están neste momento todas as partidas, cales están xa gastadas ou esgotadas ou moi cargadas, e cales están moi frouxas, procedéndose a facer un reaxuste de todas elas, quitando diñeiro de aquelas nas que previsiblemente, polo grado de execución do orzamento, vai a sobrar diñeiro, traspasándoo a aquelas outras nas que podería quedar algunha factura sen poder pagar no mes de decembro ou as últimas que cheguen en xaneiro. Di que tamén se previron outras cuestións, como poder ser a incidencia que vai ter o incremento do IVE na recollida de lixo, porque vains a repercutir non só na factura da adxudicataria senón na que nos presente SOGAMA, e de feito en previsión esa partida incrementouse en 40.000 € Di que noutras, como por exemplo FENOSA, que leva anos retrasándose na presentación de facturas, supleméntase a partida en 60.000 € por si viñeran máis facturas das que previsiblemente se esperan. Di que son previsións de cara a ter os mínimos problemas e que quede o menor número posible de facturas para o recoñecemento extraxudicial.

Di o Alcalde que no expediente preséntase unha emenda, que non ten ningunha incidencia nas cantidades, pero que ó repasar o expediente decatáronse de que dunha partida da que se retiraron 5.000€ porque previsiblemente sobraría diñeiro, vai ser a partida na que se cargarán os gastos do tendido eléctrico que se queimou en Millarouso, polo que tiveron que retirar os 5.000€ doutra partida.

Acéptase por unanimidade dos concelleiros asistentes a emenda que copiada literalmente di:

\*\*Examinado novamente o expediente de modificación orzamentaria por suplemento de crédito 02/2012 financiado con baixas por anulación (baixa por anulación 05/2012) xa ditaminado pola correspondente comisión informativa, advírtese que unha das aplicacións sobre as que se propón unha baixa por anulación (414-633.12, por importe de 5.000€ proxecto 2012-28), quedaría, de levarse a efecto, cunha dotación insuficiente para os gastos previstos ata a fin de contrato.

Por outra parte, a aplicación orzamentaria 414-213.00 atópase dotada nun importe excesivo para os gastos previstos no que resta de exercicio, polo que se estima reducible nun importe equivalente ao sinalado (5.000€) sen que supoña perturbación do servizo.

Deste xeito considérase conveniente eliminar a baixa inicialmente proposta na aplicación 414-633.12, por importe de 5.000,00€ e substituíla por outra de igual importe na aplicación 414-213.00\*\*

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello, xa incluída a emenda presentada, acorda:

1. Baixas por anulación das seguintes aplicacións orzamentarias, que se estiman reducibles sen perturbación dos respectivos servizos (Baixa por anulación 05/2012), con simultánea modificación do anexo de investimentos polo que se refire ás baixas que afectan ao capítulo 6 de gastos e aos proxectos concretos que se relacionan no cadro seguinte:

APLICACIÓN ORZ.		DESCRICIÓN	PROXECTO	IMPORTE DA BAIXA
151	210.01	Mantemento outras infraestruturas	-	10.000,00
151	210.03	Mantemento e reparación da ribeira do Sil como consecuencia da subida do río	-	3.000,00
151	213.00	Mantemento de maquinaria e instalacións	-	2.000,00

155	210.01	Pintado de vías públicas	-	6.000,00
330	205.00	Arrendamento de películas de cine	-	2.000,00
330	226.02	Publicidade e propaganda	-	2.000,00
330	226.08	Actividades. Verán cultural	-	4.000,00
338	226.08	Festexos populares. Festas do Cristo	-	4.000,00
338	226.17	Entroido	-	2.000,00
338	226.37	Outras festas: Sta. Rita e núcleos rurais	-	4.000,00
340	220.00	Ordinario non inventariable	-	5.000,00
912	222.00	Telefónicas Alcaldía	-	1.000,00
414	210.00	Mantemento de infraestrutura e bens naturais	-	9.000,00
414	213.00	Mantemento de maquinaria e instalacións	-	5.000,00
439	22706	Publicacións promocionais Barco de Valdeorras	-	2.000,00
439	22708	Ruta das Covas	-	2.000,00
439	22709	Romerías	-	2.000,00
439	22710	Festas populares	-	2.000,00
439	22711	Campaña de promoción do Camiño de Santiago	-	6.000,00
931	220.01	Prensa, revistas, libros e outras publicacións	-	2.000,00
155	633.12	Reposición luminarias urbanizacións	2012-07	5.000,00
161	632.12	Obras na zona exterior da EDAR	2012-08	20.000,00
170	623.12	Investimento sostibilidade: préstamo de bicicletas	2012-10	5.000,00
171	625.12	Adquisición de mobiliario urbano	2012-12	5.000,00
340	623.32	Instalación de elementos biosaudábeis	2012-19	4.000,00
414	632.12	Actuación en camiños: brigada Deputación	2012-25	35.000,00
414	632.22	Arranxo de pistas, rúas e beirarrúas de núcleos rurais	2012-26	15.000,00
414	633.12	Investimento reposición maquinaria, instalacións e ferramentas	2012-28	5.000,00
414	635.12	Mobiliario	2012-29	1.000,00
<b>TOTAL</b>				<b>170.000,00</b>

Aplicacións orzamentarias e proxectos de gasto que se modifican á alza mediante o suplemento de crédito proposto:

**SUPLEMENTO DE CRÉDITO**

APLICACIÓN	CONCEPTO	PROXECTO	IMPORTE	FINANC.
161-20900	CANON DE VERTEDEURAS NON INCLUÍDAS NA CONCESIÓN	-	12.000,00	BAIXAS

920-20300	ARRENDAMENTO DE MAQUINARIA E INSTALACIÓNS	-	4.000,00	BAIXAS
320-21200	MANTEMENTO DE EDIFICIOS E OUTRAS CONSTRUCIÓNS	-	2.000,00	BAIXAS
161-21300	MANTEMENTO MAQUINARIA, INST. E FERRAMENTA	-	800,00	BAIXAS
324A-21300	MANTEMENTO MAQUINARIA, INST. E FERRAMENTA	-	500,00	BAIXAS
324B-21300	MANTEMENTO MAQUINARIA, INST. E FERRAMENTA	-	500,00	BAIXAS
330-21300	MANTEMENTO MAQUINARIA, INST. E FERRAMENTA	-	2.000,00	BAIXAS
340-21300	MANTEMENTO MAQUINARIA, INST. E FERRAMENTA	-	6.000,00	BAIXAS
920-21300	MANTEMENTO MAQUINARIA E INSTALACIÓNS	-	13.000,00	BAIXAS
134-21400	MANTEMENTO MATERIAL DE TRANSPORTE	-	1.800,00	BAIXAS
324A-22002	MATERIAL INFORMÁTICO NON INVENTARIABLE	-	1.500,00	BAIXAS
164-22100	ENERXÍA ELÉCTRICA CEMITERIO	-	600,00	BAIXAS
165-22100	ENERXÍA ELÉCTRICA ALUMEADO PÚBLICO	-	60.000,00	BAIXAS
920-22604	GASTOS DE NOTARÍA E RECURSO	-	20.271,88	BAIXAS
162-22700	RECOLLIDA DE LIXO, LIMPEZA VIARIA E TRATAMENTO DE RSU	-	40.000,00	BAIXAS
170-22799	OUTROS TRABALLOS REALIZADOS POR OUTRAS EMPRESAS	-	5.000,00	BAIXAS
155-61197	ARRANXO RÚA EDIFICIO SINDICAL	2011-55	28,12	BAIXAS
<b>TOTAL</b>			<b>170.000,00</b>	<b>€</b>

Deste xeito, propónse a simultánea modificación do anexo de investimentos do orzamento xeral do Concello para o 2012, mediante a modificación á alza dos seguintes proxectos de gasto: **2011-55**, asociado á aplicación orzamentaria que se suplementa **2012 - 155/611.97**, por un importe conxunto de **28,12 €**, a financiar con cargo a baixas por anulación. Propónse que a modificación á alza do anexo de investimentos (ademais da derivada das baixas antes indicadas) sexa nos seguintes termos (importes totais xa coa modificación):

<u>Aplicacións</u>	<u>Denominación</u>	<u>Importe</u>	<u>Código</u>	<u>Axentes</u>	<u>Importe axente</u>	<u>Importe total</u>
155	Arranxo rúa edificio sindical	28,12 €	2011-55	Recursos propios	28,12 €	28,12 €

O importe total da modificación proposta mediante suplemento de crédito 02/2012, acada o importe de cento **setenta mil euros (170.00,00 €)**.

**4º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo declaración de non**

**dispoñibilidade de créditos para persoal, en cumprimento do establecido nos artigos 2 do RDL 20/2012 e 22 da Lei 2/2012.**

O alcalde tras dar conta do ditame da comisión informativa, fai uso da palabra para dicir que chegou unha circular do Ministerio que dalgunha forma obriga claramente a tomar este acordo. Di que o diñeiro queda aí retido, que nalgún momento se dirá si vai destinado á plans de pensións ou a onde vai, pero que agora non se sabe, que é o diñeiro que se retén da paga extra dos funcionarios e dos traballadores públicos e de momento non se pode dedicar a nada estando pendente da decisión do seu destino.

O sr. Blanco Paradelo di que o seu grupo vai a optar pola abstención.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo municipal do BNG, don Vítor Sierra Nieves, que tras dar as boas tardes di que non estivo na comisión informativa senón a súa intervención sería alí e non aquí, que pensa que o alcalde, que sempre se queixa dos recortes, debería evitar eses recortes ou compensar dalgunha xeito aos traballadores. Di que hai Concellos que dispoñen de medidas concretas que compensan a perda do valor adquisitivo das empregadas e empregados municipais.

Nestes intres abandona a sesión o concelleiro Sr. Moldes Gómez.

O sr. Sierra Nieves segue no uso da palabra, dicindo que os Concellos aos que se refería antes dispoñen de informes favorables dos servizos técnicos municipais e que poden asesorar a calquera outro por mor de cuestións extraordinarias, poñendo como exemplos aos Concellos de Pontevedra, Bueu, Carnota, Mugar dos, Rianxo, Allariz, Lugo, Narón, San Sadurniño e Poio, entre outros. Di que nalgúns Concellos a Secretaría ou a Intervención municipal teñen emitido informes desfavorables sobre a compensación da paga extra a empregados e empregadas públicas, entón os informes deben ir dirixidos a compensar a perda do poder adquisitivo, xa que neste caso os informes amparan as medidas a desenvolver nos Concellos antes citados. Di o sr. Sierra Nieves que non se pode, por un lado, queixarse dos recortes e despois aplicalos sen máis e non compensalos dalgunha forma aos traballadores públicos.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que con este acordo o que se fai é cumprir coa lei e reter ese diñeiro aí sen dedicalo a nada, de momento. Di que a ver qué fan todos eses Concellos que citou o sr. Sierra e que cando algún Concello faga algo que encaixe dentro da legalidade pois entón poderase estudar pero que de momento so son vontades. Di o sr. Alcalde

que o único que se di neste acordo é que ese diñeiro non se pode dedicar a outra cousa e que o debate si se ten que producir xa se producirá.

Incorpórase a sesión o concelleiro Sr. Moldes Gómez.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo), sete abstencións (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez) e un en contra (do concelleiro Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

**A declaración de non dispoñibilidade dos créditos para persoal, derivado da supresión da paga extraordinaria e das pagas adicionais de complemento específico ou pagas adicionais equivalentes previstas nos artigos 2 do Real Decreto 20/2012 e do artigo 22 da Lei 2/2012.**

**Este acordo supón, de acordo co establecido no artigo 33 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, a declaración como non susceptible de utilización, que contra este crédito non se podan acordar autorizacións de gastos nin transferencias e que o seu importe non poderá ser incorporado ao presuposto de exercicio seguinte.**

Finalizada a votación o alcalde di que é chocante que sexa o PSOE quen faga por cumprir as ordes que dá o ministro Montoro e que o PP se absteña, do que se entende que non están de acordo con Montoro, polo que xa son máis e con elo vaise mellorando neste país a conciencia crítica.

**5º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo a proposta de modificación, por actualización do I.P.C., da ordenanza municipal reguladora do I.A.E.**

Fai uso da palabra o alcalde que di que os seguintes puntos, dende o punto número 5 ata o punto número 20, se debaterán xuntos, pois todos son incrementos de taxas ou actualización de taxas no IPC de ordenanzas correspondentes. Di que a votación será individual pero o debate que sexa conxunto.

Dá conta do ditame da comisión informativa do 1 de outubro de 2012.

O alcalde di que como é bastante habitual, excepto nun par de anos, nos momentos álxidos da crise, é costume deste Concello incrementar ou actualizar as taxas municipais no IPC, porque ó Concello súbelle todo e si



quere prestar os mesmos servizos ten que ter a mesma capacidade económica ou polo menos similar, tendo en conta que a pesar desto o presuposto do Concello é xa máis dun millón de euros menos que fai catro anos, polo que se están prestando os mesmo servizos co 15% menos de recursos, o que quere dicir que estamos administrando mellor, somos máis rigorosos e xestionamos mellor os recursos públicos. Di que o que non pode ser é que ó Concello lle suba todo e non se faga ningunha repercusión, por pequena que sexa, nas taxas que cobramos, pois entón teríase que deixar de prestar servizos, e iso non é o que queren os cidadáns. Prosegue dicindo que o Concello está seleccionando os servizos que se prestan e non se pensa meter ningún tipo de tesoira nos servizos sociais, educativos, escolares, deportivos, que deben de funcionar como están funcionando ata agora. Di que a todos se lles aplica o IPC excepto a dous, ós prezos de cultura e ó prezo de recollida de lixo, xa que esta última taxa ten un déficit de 90.000 € pero que aínda así non é intención do Concello equilibrar esa taxa en ningún caso, aínda que as facturas que lle cheguen ó Concello o ano que ven da empresa de recollida de lixo se incrementen no IPC e tamén en dous puntos adicionais pola subida do IVE, do 8 ó 10, por eso aportáronse 40.000 € na modificación do presuposto para pagar esas facturas. Di que con SOGAMA vai pasar o mesmo, cun incremento do que non se beneficia ninguén máis co Estado que recadará máis, nin se benefician as dúas empresas nin se benefician os veciños pero hai que pagalo, e que nese caso, como ten unha incidencia directa, é polo que se propón o incremento do 2,7 %, IPC a 31 de agosto, máis o 2% do IVE, que é o 4%. Di o alcalde que con respecto a Cultura, que aínda que sempre se discutiu e nunca se subiron, a pesar de que quizáis sexan os prezos máis baixos que haxa no Estado, tanto en teatro como en cine, mantense nun euro e tendo en conta que a subida do IPC dende que non se sube xa subiría do euro, e que a cultura pasa do 8% ó 21%, é dicir que o IVE de todo o que se faga (obras de teatro, concertos, cine, etc.) incrementarase nun 13%. Di que son servizos absolutamente deficitarios pois sábese cánto costa o teatro na Coruña, por exemplo, coas mesmas compañías que veñen ó Barco, pois son ás da *Red*, e no teatro de alí a entrada máis barata son 12 ou 13 euros, e aquí coas mesmas obras de teatro custaba 5€ que agora se soben a 6, deixando en 3€ o carné xove. Prosegue dicindo que todas se incrementan o IPC como sempre, menos as citadas xa que hai razóns xustificadas para non seguir cargando as arcas municipais e deixándoas sen posibilidade de manobra para poder prestar os servizos que estamos prestando, e que ten que dicir que cada vez recíbese menos diñeiro e este ano perdéronse máis de 200.000 € do programa de cooperación e que o Ministro de Facenda di tamén claramente que os Concellos non poden gastar máis do que ingresan e que o Concello vai a intentar non gastar máis do que ingresa, e que nos trece anos que levan

gobernando o teñen conseguido, aínda que nos próximos anos non sabe si o conseguirán pero dende logo que o van a intentar, seguindo na liña de gastar exclusivamente o que se ingresa ou algo menos.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, don Moisés Blanco Paradelo, que di que están ante un novo recoñecemento da incapacidade do goberno municipal e do alcalde para xestionar, que ademais de escoitar a un alcalde queixoso continuamente, porque cando hai diñeiro en abundancia non hai mérito na xestión, e que o traballo e a xestión de verdade vese cando hai dificultades. Di que o alcalde non dixo cál é a previsión de ingresos, si é que a sabe, porque non ten ningún criterio, pois unhas taxas soben o IPC, outras como as entradas de cine, teatro, etc. o 35,2% e os quioscos o 5,7%, suba que non dixo, e polo tanto superior ó IPC.

Segue no uso da palabra o sr. Blanco Paradelo dicindo que tamén a recollida de lixo é o 4,7%, e preguntándolle ó sr. alcalde qué criterio hai.

O sr. alcalde contéstalle que o criterio é o IPC.

O sr. Blanco Paradelo prosegue dicindo ó sr. alcalde que non hai ningún criterio, e que vai a intentar argumentalo. Di que tamén afortunadamente retirouse a taxa da piscina climatizada, pois non se pode permitir cambiar as regras do xogo co partido empezado, que se alegra do informe dos técnicos no que se indicaba que para que houbera un cambio requiríase outro procedemento. Di que a xente demanda servizos e como son deficitarios e nos interesan por demagogia, pois sabe perfectamente que aínda aplicando o IPC ou sen aplicalo, eses servizos que o alcalde menciona de carácter social seguirían sendo deficitarios, sabemos que son os máis deficitarios pero por demagogia non se tocan, e pregúntase por que serve argumentar unha serie de subidas na subida do I.P.C. para uns servizos e para outros non, e respóndese dicindo que eso é así porque non interesa, e que por iso é polo que el di que o alcalde non segue criterio algún. Di que lle pide ó sr. alcalde que se volva ó pacto que houbo no seu momento consistente na conxelación de taxas, porque a crise non acabou e que o alcalde o rompeu cando pasaron as eleccións. Di que a argumentación que ten o alcalde é que si se soben os impostos a nivel estatal el os sobe no Concello, pero que cando se baixan no estado o alcalde segue subíndoos, entón esa argumentación non é válida. Di o sr. Blanco Paradelo que cando todos os Concellos, todas as administracións están facendo o posible para axudar aos emprendedores, axudar ao pequeno e mediano comercio, axudar á apertura de novos negocios, no Concello do Barco de Valdeorras non, pois conxela taxas que elixe demagoxicamente, pero para o caso de que alguén abra un

novo negocio súbelle a taxa de apertura, que pode chegar, por exemplo para unha tenda de roupa, ata os 400€ e se é a apertura dun bar chega ós 600€. Prosegue dicindo que tamén na praza de abastos se lle segue subindo a taxa aos postos aínda que está medio baleira, que en canto á instalación de mesas e cadeiras sóbeselles tamén a pesar de que xa pagan máis IVA xeral, ademais da subida da limpeza e recollida de lixo. Di que en canto a axudas non quere dar ningunha, e eso que se teñen proposto polo P.P. bonificacións e axudas pero nunca se aceptan, que as medidas de verdade contra a crise aplícanas moitos negocios que están asumindo eles a suba do IVA para que non repercuta nos veciños. Di que a suba dos vaos carece de argumentación. Prosegue o sr. Blanco Paradelo dicindo que vai falar do maior do ingresos, o IBI, que o ano pasado se subiu o IPC e ademais houbo un incremento no tramo que lle toca ó goberno central do 10%, e que agora se propón unha nova suma adicional. Di que o incremento do IBI dende o ano en que entrou o sr. alcalde, dende o ano 2001, é moi importante pois un recibo medio paga hoxe 97€ máis do que pagaba antes e a suba total acumulada é do 64,5%, e que co criterio utilizado debería de pensar que o IBI xa foi actualizado e non propoñer incrementalo. Di o sr. Blanco Paradelo que fai uns meses, cando se aprobou a medida estatal da suba do IBI, o voceiro do BNG presentou unha moción instando ó goberno que deixara sen efecto esa subida, e eu díxenlle ó sr. alcalde que estaba contento pois non a tivo que aplicar, as culpas son para Rajoy aínda que son ingresos para o Concello, pero votou a favor da moción, e agora vostede pretende subir o IBI, xa que non lle chegan as subas do 10 máis o 13 por cento que aínda pretende unha nova suba, o que supón –di o concelleiro– que non exista ningún criterio e que atenda as dificultades coa suba dos impostos. Di que tendo un remanente de tesourería en torno aos 500.000 € non se explica a suba. Di que en relación co tema de cultura é unha irresponsabilidade ó non actualizar as taxas dende o 2001, ademais comparase con A Coruña e se arrisca tanto para presumir deso non veña agora a xustificalo para subilo. Conclúe o sr. Blanco Paradelo dicindo que van votar en contra por todas as razóns expostas, porque segue sen ver un criterio, e que o sr. alcalde volve a demostrar unha falta de planificación, queixándose continuamente e botándolle as culpas a todo o mundo.

Concédeselle a palabra ao voceiro do Grupo municipal do BNG, don Vitor Sierra Nieves, que di que vai facer a mesma intervención que fixo cando se subiu, fai moi pouco, o 3% de vinte e unha taxas. Di que agora non se sube o 3%, que se sube é o 2,7% pero naquelas que quere o sr. alcalde, porque a subida de cultura é completamente inadmisíbel, non se pode escudar en comparar a cultura de aquí coa de A Coruña, non se pode comparar, aínda que tamén hai Concellos que teñen instalacións e política cultural bastante

peor que no Barco de Valdeorras, deberíase buscar unha cultura alternativa e moitas opcións que hai que son moitísimo máis baratas que as que se ofrecen e incluso mellores. Di que o sr. alcalde falou dos momentos álxidos da crise e pensa que agora é un momento álxido, que se debería volver a non subir as taxas como nalgúns anos, e pensa que esa conxelación de taxas foi unha medida puramente electoral. Di que non hai moito se subiron os prezos das escolas deportivas e piscina aínda que o alcalde o negue. Conclúe dicindo que se a xestión é moi boa e se hai superávit como di o sr. alcalde debe demostrarse e non subir as taxas.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que se están mesturando *as churras coas merinas*, que se están dicindo cousas absolutamente incertas nas argumentacións. Di que en varias comisións as que asistiu, de cultura e de facenda, nestes anos, había un consenso de que non se subiran os prezos de actos culturais para subir uns céntimos e que se esperara a que se subira por fraccións. Di que non ten a sensación de queixarse, que afronta as cousas buscando solucións, xa que se chegou a ter un orzamento de nove millóns e medio de euros e este ano é de oito millóns douscentos mil e polo tanto hai que buscar solucións. Di que os criterios xa os explicou na comisión, na que dixo que determinadas taxas non ían a este pleno non porque non se foran a subir senón porque non tiñan présa, como a de gardería, conservatorio ou escola de música, pois ata o ano que ven non se volven a matricular. Di que non falou nin nesta sesión nin na comisión das subidas das taxas das escolas deportivas e piscinas, que non fixo ningunha referencia a elo como di o voceiro do BNG, pois as piscinas subiron o que di o contrato que teñen que subir, o IPC. Di que o sr. Blanco Paradelo di unha cousa que non a sostén ningún economista, posto que o remanente de tesourería non se pode gastar, pois eso aporta que se poda pagar a todo o mundo, ademais di que o Concello está nun proxecto europeo que hai que pagar e ata dentro dun ano non se recibirá o diñeiro. Di que ó Concello débelle diñeiro a Xunta, a Deputación, case todas as Administracións deben diñeiro ao Concello, pois por exemplo pagouse agora a última subvención das luminarias leds en Veigamuiños, que foron 60.000 € e non se sabe cando se cobrarán. Di que nunca se foi a un crédito de tesourería para pagar as facturas pois sempre houbo diñeiro en caixa para facer fronte ás obrigacións, que tamén podería facer como a Xunta de Galicia que no mes de xuño deu orde de non presentar máis certificacións de obra neste ano, entón así cumpriría o déficit e non debería nada a ninguén, saíndolle o informe de morosidade positivo, pois ó non presentarse facturas non nai nada que pagar, que non se admiten esas certificacións de obra porque non hai diñeiro en caixa para pagalas e o Concello do Barco de Valdeorras pretende que sempre haxa diñeiro na caixa para pagar as facturas que se presenten por rexistro, e eso é criterio,

criterio de xestión económica eficaz do Concello, e que é o mesmo criterio que o empregado na subida de taxas xa que de 13 anos subiuse o IPC en 11 anos. Prosegue dicindo que en canto á alusión ás políticas de emprego feitas polo voceiro do PP, nos Presupostos Xerais do Estado aparecen os seguintes datos: en promotores e orientadores pasouse de cen millóns a cero, en formación profesional para desempregados -18,6%, en formación profesional para ocupados -66,5%, en escolas, obradoiros -55%, en fomento de emprego para persoas con discapacidade -29%, en promoción de emprego autónomo -52%, iniciativas locais de axentes de emprego -96%, políticas activas de emprego -92%, pásase de noventa e tres millóns de euros a trinta, e despois o sr. Blanco Paradelo esíxelle ó Concello do Barco que resolva todos estes problemas. Di o alcalde que o tipo impositivo, os impostos que se pagan no Concello están moi por debaixo da media galega e nacional, e que eses son datos técnicos que se sacan anualmente pola Intervención municipal. Di que en relación coa subida do IBI, exposta polo sr Blanco Paradelo, unha vivenda tipo no Barco paga 150 € na maioría das poboacións, por esa mesma vivenda, estaría pagando 300 ou 400€, pois os números dan para todo pero hai que comparalos sempre. Conclúe dicindo que a cuestión é esa, ¿os impostos no Barco son caros ou son baratos?, son máis baratos ca media, e con ese diñeiro préstase un bo servizo aos cidadáns.

O voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, sr. Blanco Paradelo, fai uso da palabra para dicir que se vai cinguir ó tema municipal pois o alcalde non lle contestou e pregunta ó sr alcalde se lle pode xustificar o incremento da instalación de mesas e cadeiras, por exemplo, ou a subida do imposto de vehículos ou os vaos. Di que aquí ven falar da xestión do alcalde e do incremento dos prezos nestes últimos anos, que non están xustificadas. Di o sr. Blanco Paradelo que onde non van a meter a tesoura é no gasto corrente, pois nos últimos meses houbo ó redor de 20.000 € de gasto de xardinería e desbroce, porque neste Concello non hai problemas para traer bancos e xardineiras e despois di o sr alcalde que non sabe onde recortar, pero esa partida non baixa. Tamén di que de emprego tampouco fala o alcalde.

O sr. alcalde di que o sr. Rajoy leva 500.000 parados nun ano.

Prosegue o sr. Blanco Paradelo dicindo que o alcalde non fixo o debate de política municipal, que o seu Grupo vai votar en contra, insistindo en que o sr. alcalde non ten criterio, e que se conxelou as taxas nos anos anteriores foi porque se equivocou ou o fíxo electoralmente, pois cando pasaron as eleccións subiu as taxas e a crise non rematara.

Fai uso da palabra o voceiro do Grupo Municipal do BNG, sr. Sierra Nieves, dicindo que falando de cine o que se proxecta normalmente é cine comercial que chega aquí cando xa o botaron en todos os cines, entón a xente non vai ó cine, o que debería facer é un festival de cine independente, por exemplo, que ademais de ter moita calidade sería gratuíto. Di que o alcalde fala coa tranquilidade que lle dá a maioría absoluta, que os seus concelleiros van votar a favor e a oposición en contra e sae para adiante o tema, entón que fale claro, que non fai falta que veñan os membros da oposición pois é imposible negociar, que el pensou que non ía ser así cando entrou na Corporación, que o alcalde trae cada mes o que quere aprobar e non existe lugar para negociación. Di que a política municipal do alcalde non ten criterio, non segue ningún principio, non ten o Concello un goberno que se implique, que hoxe conxélanse as taxas e mañá subense, que vai saltando e esquivando ata os criterios do seu propio partido, se é que a día de hoxe os ten. Prosegue dicindo que os debates non valen para nada e o queren aprobar apróbano, e di que lle pide ó sr. alcalde que sintonice a frecuencia da cidadanía, aínda que eso o fará nos últimos dous anos da lexislatura.

O alcalde fai uso da palabra para dicir que este Concello non gastou nin un euro en bancos e xardineira neste ano e as que se puxeron diante do edificio consistorial, no 80% as pagou a Xunta cunha subvención, coa que se fixeron máis cousas que poñer bancos e xardineiras. Di que faláron de que tomou un día unha decisión electoral e agora non, pois a campaña empeza dentro dunhas horas, e que ó Concello do Barco lle interesan estas eleccións, porque nelas se decide seguir nunha política de resignación, recortes e perdas de calidade de vida ou cambiala, polo tanto estamos en precampaña nestes momentos e sen embargo tomei unha decisión que creo que tiña de tomar. Di que segundo un artigo de prensa relativo á incidencia da suba do IVA nos Concellos, analizando e comparando algúns Concellos co do Barco de Valdeorras e os orzamentos do Barco, sen a subida do IPC e a subida de prezos, que é real, só a subida do IVA terá unha repercusión de entre 80.000 ou 90.000€ no Concello, polo que é preciso subir o 2,7% plantexado pois o orzamento do ano que ven vai ser máis baixo co deste ano. Di que eso de facer máis cousas con menos era un conto que dicía o PP fai un ano e resultou que para facer menos tiveron que intentar recadar máis, é un conto e os que teñen responsabilidades de poder sábeno.

Rematado o debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco

Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

**1º.-A modificación da Ordenanza reguladora ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE ACTIVIDADES ECONOMICAS, que quedará redactada do seguinte xeito:**

**ARTÍCULO 4.**

Para todas as actividades exercidas neste termo municipal, e suxeitas ao Imposto de Actividades Económicas, establécense, sobre as cotas modificadas pola aplicación do coeficiente de ponderación previsto no artigo 87 do RDL 2/2004 polo que se modifica a Lei Reguladora das Facendas Locais, atendendo á categoría fiscal da vía pública onde radique a actividade, a aplicación da seguinte escala de coeficientes:

Categoría calle	1ª	2ª	3ª
Índice	1,03	0,89	0,74

**CATEGORIA 1ª.- C/Marcelino Suárez, C/ Condesa de Fenosa, C/Abdón Blanco,C/Eulogio Fernández, Paseo del Malecón, C/ La Estación C/ Balorca, C/ Perez Lista, Plaza José Otero, C/ Lauro Olmo, Avda de Galicia, Pza del Concello, C/ España, Plaza del Principe, C/Academia de Quidt,C/Ourense, C/Castelao, C/pescadores y C/Eloy Mira.**

**CATEGORIA 2ª.- Resto calles Villa de O Barco, C/Elena Quiroga y Plaza de Viloira.**

**CATEGORIA 3ª.- Resto calles y plazas del Municipio.**

**2.-A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.**

**3.-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.**

**4.-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.**

**5.-O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.**

**6º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo a proposta de modificación, por actualización do I.P.C., da ordenanza municipal reguladora do I.B.I. (Urbana).**

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da Comisión informativa de 1 de outubro de 2012.

Sen debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

**1º.-A modificación da Ordenanza reguladora ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO DE BENS INMOBLES DE NATUREZA URBANA, que quedará redactada do seguinte xeito:**

**ARTÍCULO 2. TIPOS DE GRAVAMEN.**

**1. El tipo de gravamen del Impuesto sobre Bienes Inmuebles aplicable a los bienes de naturaleza urbana será del 0,6190%.**

**2.-A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.**

**3.-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.**

**4.-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.**

**5.-O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.**

**7º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo a proposta de modificación, por actualización do I.P.C., da ordenanza municipal ICIO.**

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da Comisión informativa de 1 de outubro de 2012.

Sen debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:



**1º.-A modificación da Ordenanza reguladora ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS, que quedará redactada do seguinte xeito:**

**ARTÍCULO 5. BASE IMPONIBLE, CUOTA Y DEVENGO**

**3. El tipo de gravamen será el 2,85%**

**2.-A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.**

**3.-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.**

**4.-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.**

**5.-O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.**

**8º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo a proposta de modificación, por actualización do I.P.C., da ordenanza municipal do IVTM.**

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da Comisión informativa de 1 de outubro de 2012.

Sen debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

**1º.-A modificación da Ordenanza reguladora IMPUESTO MUNICIPAL DE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA, que quedará redactada do seguinte xeito:**

**DISPOSICIÓN ADICIONAIS. PRIMEIRA.**

**De conformidade co establecido no artigo 95.4 da Lei Reguladora das Facendas Locais, as cotas establecidas no artigo 2 serán incrementadas pola aplicación dun coeficiente 2,7%**

**Efectuadas esas operacións, las cuotas serán las seguintes:**

<b>1 Turismos:</b>	
<b>1,1 De menos de 8 cavalos fiscais</b>	<b>16,61</b>
<b>1,2 De 8 hasta 11,99 cavalos fiscais</b>	<b>44,85</b>
<b>1,3 De más de 12 hasta 15,99 cavalos fiscais</b>	<b>94,66</b>
<b>1,4 De más de 16 hasta 19,99 cavalos fiscais</b>	<b>117,91</b>
<b>1.5 De 20 cavalos fiscais en adiante</b>	<b>147,38</b>
<b>2 Autobuses:</b>	
<b>2,1 De menos de 21 prazas</b>	<b>109,61</b>
<b>2,2 De 21 a 50 prazas</b>	<b>156,12</b>
<b>2,3 De más de 50 prazas</b>	<b>195,14</b>
<b>3 Camións:</b>	
<b>3,1 De menos de 1.000 Kg de carga útil</b>	<b>55,64</b>
<b>3,2 De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil</b>	<b>109,61</b>
<b>3,3 De más de 2.999 a 9.999 Kg de carga útil</b>	<b>156,12</b>
<b>3,4 De más de 9.999 Kg de carga útil</b>	<b>195,14</b>
<b>4 Tractores:</b>	<b>0,00</b>
<b>4,1 De menos de 16 cavalos fiscais</b>	<b>23,25</b>
<b>4,2 De 16 a 25 cavalos fiscais</b>	<b>36,55</b>
<b>4,3 De más de 25 cavalos fiscais</b>	<b>109,61</b>
<b>5 Remolques y semirremolques arrastrados por vehículos de tracción mecánica:</b>	
<b>5,1 De menos de 1.000 y más de 750 Kg de carga útil</b>	<b>23,25</b>
<b>5,2 De 1.000 a 2.999 Kg de carga útil</b>	<b>36,55</b>
<b>5,3 De más de 2.999 Kg de carga útil</b>	<b>109,61</b>
<b>6 Outros vehículos:</b>	
<b>6,1 Ciclomotores</b>	<b>5,82</b>
<b>6,2 Motocicletas hasta 125 c.c.</b>	<b>5,82</b>
<b>6,3 Motocicletas de más de 125 c.c. hasta 250 c.c.</b>	<b>9,95</b>
<b>6,4 Motocicletas de más de 250 c.c. hasta 500 c.c.</b>	<b>19,95</b>
<b>6,5 Motocicletas de más de 500 c.c. hasta 1.000 c.c.</b>	<b>39,87</b>
<b>6,6 Motocicletas de más de 1.000 c.c.</b>	<b>85,42</b>

2.-A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.

3.-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.

4.-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.

**5.-O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.**

**9º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo a proposta de modificación, por actualización do I.P.C., da ordenanza municipal reguladora da taxa de recollida de lixo e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da Comisión informativa de 1 de outubro de 2012.

Sen debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

**1º.-A modificación da Ordenanza reguladora ORDENANZA FISCAL REGULADORA TAXA RECOLLIDA DE LIXO E TRATAMENTO DE R.S.U que quedará redactada do seguinte xeito:**

**Artículo 6º.- Cuota tributaria**

CONCEPTO	TARIFAS
<b>A)VIVIENDAS</b>	
Viviendas familiares nucleo do Barco	80,10 €
Pueblos	66,98 €
<b>B)-DESPACHOS PROFESIONALES Y ARTISTAS</b>	
Cuota única	143,74 €
<b>C)-COMERCIO, INDUSTRIA Y OFICINAS</b>	
Con superficie igual o inferior a 50 m <sup>2</sup>	143,74 €
Con superficie entre 50,01 y 100 m <sup>2</sup>	174,10 €
Mas de 100,01 m <sup>2</sup>	204,36 €
<b>D)-HOSTELERÍA, ESPECTÁCULOS Y ALIMENTACIÓN:</b>	
con una superficie igual o inferior a 20 m <sup>2</sup>	160,47 €
Con superficie entre 20,01 y 50 m <sup>2</sup>	188,06 €
Con superficie entre 50,01 y 150 m <sup>2</sup>	229,45 €
Mas de 150,01 m <sup>2</sup>	298,44 €
<b>E)-CENTROS DE ENSEÑANZA Y ACADEMIAS</b>	
Con una superficie igual o inferior a 50 m <sup>2</sup>	143,74 €
Con superficie entre 50,01 y 100 m <sup>2</sup>	174,37 €

Con superficie entre 100,01 y 200 m2	204,36 €
Con superficie superior a 200 m2	264,97 €
<b>F)-INDUSTRIAS FABRICAS Y TALLERES</b>	
Con superficie igual o inferior a 50 m/2	143,74 €
Con superficie entre 50,01 y 100 m2	174,37 €
Mas de 100,01 m2	204,36 €
<b>G)-RECOGIDA DE GRANDES USUARIOS</b>	
Por cada contenedor	669,13 €

2.-A apertura do preceptivo período de información pública mediante inserción de anuncio no Taboleiro de Edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia. Os interesados disporán dun prazo de 30 días a contar dende o seguinte á publicación do anuncio no BOP, para examina-lo expediente na Secretaría do Concello e realiza-las reclamacións que estimen oportunas.

3.-Caso de presentarse reclamacións en prazo, estas serán resoltas polo Pleno da Corporación, procedendo, no seu caso, a aprobación do Acordo definitivo.

4.-Caso de non presentarse reclamacións en prazo, este Acordo, ata entón provisional, quedará elevado a definitivo.

5.-O Acordo definitivo, co texto completo da modificación, será publicado no BOP a efectos da súa entrada en vigor ó día seguinte.

**10º Aprobación, se procede, do ditame da Comisión de Patrimonio, Facenda, Contas e Promoción Económica, relativo a proposta de modificación, por actualización do I.P.C., da ordenanza municipal reguladora do prezo público por entradas a espectáculos e outras actividades organizadas polo departamento de cultura.**

Dáse conta pola Alcaldía do ditame da Comisión informativa de 1 de outubro de 2012.

Sen debate, procédese á votación ordinaria, co resultado de que, por nove votos a favor (dos concelleiros García Rodríguez, Ojea Arias, Neira Ojea, Álvarez Diéguez, Moldes Ares, Arias Fernández, Alonso Araújo, Fernández Arias e Dacal Feijoo) e oito en contra (dos concelleiros Blanco Paradelo, Moldes Gómez, Crespo Díaz, Rodríguez Voces, Delgado Fernández, Melo García, Rodríguez Vázquez e Sierra Nieves) o Pleno do Concello acorda:

**1º.-A modificación da Ordenanza reguladora ORDENANZA REGULADORA PREZO PUBLICO POR ENTRADAS A ESPECTACULOS E OUTRAS ACTIVIDADES ORGANIZADAS POLO DEPARTAMENTO DE CULTURA que quedará redactada do seguinte xeito:**

**Artículo 3º. -Contía**

1º. -A contía do prezo publico regulado nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte, para cada un dos servizos ou actividades.

2º. -As contías deste prezo publico serán as seguintes

TARIFA 1ª. CINE	TARIFA ANTERIOR	TARIFA INCREMENTADA	TARIFA REDONDEADA
Entrada ordinaria	3€	4,05€	4€
Con carné xoven	2€	2,70€	3€
Día do espectador	2€	2,70€	3€
Entrada infantil	2€	2,70€	3€

Tamén, por proposta da Concejalia competente e previo acordo da Xunta de Goberno Local, poderanse fixar prezos bonificados en ciclos, festivais, proxeccións infantís ou cine de arte e ensaio. O importe da bonificación será do 25% das tarifas anteriormente sinaladas.

TARIFA 2º TEATRO	TARIFA ANTERIOR	TARIFA INCREMENTADA	TARIFA REDONDEADA
Entrada ordinaria	5€	6,76€	6€
Con carné xoven	2€	2,70€	3€
Entrada infantil	2€	2,70€	3€
Bono 10*	2€	2,70€	3€

\*Bono para grupos de 10 persoas ou máis, que pertencen a centros escolares, asociacións culturais ou veciñais:

A proposta da Concellaría competente e logo de acordo da Xunta de Goberno Local, poderanse fixar prezos bonificados en ciclos, festivais, representacións infantís ou Teatro afeccionado. O importe da bonificación será do 100% das tarifas anteriormente sinaladas.

TARIFA 3º MUSICA	TARIFA ANTERIOR	TARIFA INCREMENTADA	TARIFA REDONDEADA
Entrada	5€	6,76€	6€

<b>ordinaria</b>			
<b>Con carné xoven</b>	<b>2€</b>	<b>2,70€</b>	<b>3€</b>
<b>Entrada infantil</b>	<b>2€</b>	<b>2,70€</b>	<b>3€</b>
<b>Bono 10*</b>	<b>2€</b>	<b>2,70€</b>	<b>3€</b>

**\*Bono para grupos de 10 persoas ou máis, que pertencen a centros escolares, asociacións culturais ou veciñais:**

